


CARPETA DE CONTRATACIÓN DE STANDS



FEIRA GALEGA
DAS ARTES
ESCÉNICAS, 2010



Zona de Mercado

- DATAS de luns 18 a xoves 21 de outubro de 2010
- SEDE Auditorio de Galicia
Avda. Burgo das Nacións, s/n
Santiago de Compostela

A Organización da Feira pon a disposición das empresas vinculadas co sector das artes escénicas a **Zona de Mercado**, un punto de encontro no que se xuntarán diariamente programadores, distribuidores, medios de comunicación e empresas, concibido como unha plataforma dinámica na que se producirán achegas a diario entre todos os axentes do sector.

A **ZONA DE MERCADO** estará situada no **Auditorio de Galicia**.

O Auditorio de Galicia concentrará gran parte da actividade da Feira: oficina de coordinación, stands de empresas escénicas, escenarios de exhibición, restaurante... Esta concentración da actividade feiral busca conseguir unha maior e mellor comunicación entre todos os participantes, ao tempo que se facilita o seu traballo durante as catro intensas xornadas de Feira.

Neste espazo cada empresa poderá realizar vendas, buscar novos mercados, facer estudos, posicionar a súa propia marca e tamén:

- Identificar e captar novos clientes ou clientes potenciais.
- Iniciar, continuar ou pechar procesos de venda.
- Fidelizar os clientes actuais.
- Organizar citas e reunións de traballo.
- Definir e mostrar a imaxe xeral da empresa.
- Contactar con medios de comunicación especializados.

aluguer de sets

descripción


Os stands contan cunha medida estándar de **4 m² (2x2)**.

ALUGUER DE SET BÁSICO

O contrato de participación en **set básico** inclúe:

- ▶ aluguer do espazo
- ▶ paneis de policarbonato:
traseira e 2 laterais nos stands nº 7·8·9·10·11·12·13·14·15
traseira e 1 lateral nos stands nº 1·2·3·4·5·6·16
- ▶ moqueta feiral ignífuga
- ▶ cubos brancos de melamina - mostrador (2 unidades)
- ▶ taburete alto (1 unidade)
- ▶ cadeiras (2 unidades)
- ▶ soportes para carteis (2 unidades)
- ▶ conexión a internet
- ▶ iluminación
- ▶ dereito ao xantar no restaurante do Auditorio, para 1 persoa, durante todos os días da feira.

IMAXE SET BÁSICO



PREZO ALUGUER SET BÁSICO: 355,94 + 18% IVE= 420,00 €



normas xerais de participación

INSCRICIÓN

Deberase realizar cubrindo a SOLICITUDE DE ALUGUER DE ESPAZO que se xunta, e enviándoa á Secretaría Técnica, asinada pola persoa apoderada.

Esta solicitude, asinada e selada, implica coñecer e aceptar as normas en relación aos expositores e, na parte que lle corresponde, constitúe o prego de condicións da contratación.

A reserva dos stands dispoñibles realizarase por estricta orde de recepción de solicitudes. Para considerar unha solicitude en firme deberán enviar o FORMULARIO DE SOLICITUDE debidamente cuberto, por calquera dos seguintes medios:

fax: 981 59 11 71
correo electrónico: fgae.stands@trevisani.es
correo postal: República de El Salvador, 8-3º | 15701 Santiago

PRAZOS DE RESERVA DE ESPAZOS

O prazo para a reserva de sets será **do 1 de setembro, dende as 09.00 h, ao 15 de setembro, ás 14.00 h.**

SECRETARÍA TÉCNICA

Trevisani

Rúa República de El Salvador, 8-3º | 15701 Santiago de Compostela
tels.: 981 93 53 03 · 981 59 02 72 | fax: 981 59 11 71
fgae.stands@trevisani.es

MONTAXE E DESMONTAXE DE SETS

- A montaxe e desmontaxe de espazos de exposición realizaranse unicamente nos prazos establecidos pola Organización, que serán comunicados coa debida antelación.
- A Organización resérvase o dereito de modificar os períodos e horarios da montaxe e desmontaxe, se o considera necesario.
- A Organización resérvase o dereito de desbotar aquelas montaxes ou materiais que considere impropios de figurar na Feira, ou aqueles produtos que poidan significar un perigo para os visitantes ou o persoal.
- En ningún caso se permitirá que a montaxe de elementos construtivos ou de decoración sobresaia do espazo do stand.
- Está estritamente prohibido furar, aparafusar, cravar ou grapar calquera elemento sobre os paneis dos sets.
- O expositor farase cargo de calquera gasto que ocasionen os desperfectos nos elementos alugados.
- Calquera material non retirado nos prazos fixados pola Organización será almacenado, sendo os gastos ocasionados a cargo da empresa expositora.

CONDICIÓN DE PAGAMENTO

- Unha vez adxudicados os stands, as empresas expositoras deberán facer efectivo o pagamento da superficie reservada cumprindo estritamente os prazos sinalados no contrato de aluguer de espazo.
- A Organización poderá dispor do espazo reservado se se produce o incumprimento dalgún dos prazos establecidos.

ANULACIÓN DO CONTRATO

- Despois da formalización do contrato de aluguer de espazo, o expositor non poderá anulalo.
- Se o expositor non ocupa o espazo asignado nos prazos establecidos, a Organización considerará que renuncia á súa participación e poderá dispor do stand.

CLÁUSULAS DE RESERVA

- A Organización resérvase o dereito de cambiar, se fora necesario, por causa xustificada ou de forza maior, o lugar e a data de celebración da Feira Galega das Artes Escénicas. Neste caso, a solicitude de reserva de espazo manterá a súa validez.
- Se o certame non puidese celebrarse por causas de forza maior non imputables á Organización, esta non se responsabiliza dos danos e perdas que poidan ocasionarse.





Unha vez cuberta a solicitude, enviar a:

fax: 0034 981 59 11 71 ▪ fgae.stands@trevisani.es · Rúa República de El Salvador, 8 · 3º | 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) | tel.: +34 981 93 53 03

fax: 981 59 11 71
fgae.stands@trevisani.es

1. DATOS EMPRESA

nome comercial:			
nome fiscal:			
endereço completo:			
código postal:		localidade:	
provincia:		C.I.F./N.I.F.:	
teléfonos:		fax:	
correo electrónico:		web:	

2. PERSOA DE CONTACTO

nome e apelidos:			
teléfono:		móbil:	
correo electrónico:		fax:	

3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

As empresas participantes poden alugar calquera servizo que precisen a maiores dos xa incluídos no set básico.

Para calquera outro que non figure nesta solicitude, contactar cos teléfonos 981 93 53 03 ou 981 59 02 72.

<input type="checkbox"/> Cubo de melamina	30,17 + 18% IVE
<input type="checkbox"/> Taburete	21,55 + 18% IVE
<input type="checkbox"/> Cadeira	18,10 + 18% IVE
<input type="checkbox"/> Soporte para carteis	30,17 + 18% IVE
<input type="checkbox"/> Pantalla 42"	consultar orzamento
<input type="checkbox"/> Pantalla TFT 17"	consultar orzamento
<input type="checkbox"/> DVD	consultar orzamento
<input type="checkbox"/> Iluminación	consultar orzamento
<input type="checkbox"/> Auxiliar de rr.pp. (8 horas)	110,00 + 18% IVE
<input type="checkbox"/> Auxiliar de rr.pp. (4 horas)	80,00 + 18% IVE

4. IMPORTE

SET CONTRATADO	base imponible	18% I.V.E.	importe
Set básico 4 m ²	355,94.-	64,06.-	420,00.-

Si, teño lido e acepto as NORMAS XERAIS DE PARTICIPACIÓN para a utilización de sets na FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2010.

A CUBRIR POLA ORGANIZACIÓN

SOLICITUDE Nº

DATA DE RECEPCIÓN

Nome e sinatura do representante legal da empresa.